

Prelectores/as




O Apalpador e a castaña máxica. Xoán G.

Este ano O Apalpador traerá agasallos a todos os galegos, como todos os anos, mais tamén traerá outra cousa...

A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza.

Pode pasarlle a calquera, pero un día saíu do tobo e alguén lle fixo aquilo na cabeza...



A vaca que puxo un ovo.

Unha vaca que quere facer algo diferente, para destacar entre as demais, e que pola súa simpatía e tristura é axudada polas súas amigas galiñas. Claro que a envexa non é boa conselleira e as súas "comadres" están seguras de que todo é unha gran mentira.

Primeiros/as Lectores/as



Marisela e o roxo

O amor xurdiu no mercado, cando un mozo de pelo roxo lle regalou á princesa unha mazá, malia que lle podía caer un lapote dun garda real, que daquela non andaban con andrómenas. Marisela aproveitou a ocasión e, sorrindo con picardía, ...

A min non me comas!

Margarita del Mazo & Vitali Konstantinov
OQO Editora. Colección O

Era unha noite sen lúa...
O reloxo daba a UNHA... DONG!
De pronto ...



Carolina a Fantástica Maruxa Olavide

Carolina é unha rapaciña fantástica en todos os sentidos: pola súa grande imaxinación, pola súa bondade, polo seu amor pola Natureza e, sobre todo, pola súa capacidade para resolver problemas.

Lectores/as Autónomos/as



Eu voguei por Mar de Chocolate

Xoán Babarro:

Ilustraciones de Laura Blanco

Conta Nicolás que ten un primo de Colombia que adoptaron os seus tíos. Chámase Róncal e é negro, según el porque se bañou nun Mar de Chocolate.

O caderno laranxa de Morgana Pasqual Alapont


Teño 11 anos e 7 meses e puxéronme Morgana porque estaba de moda. Teño os ollos verdes, estudo 6º Primaria e xogo ao baloncesto. O meu irmán quere poñer un piercing no nariz, e por pouco non llo fai o meu pai sen anestesia nin nada.

A Vitor cáenlle as cousas das mans cada vez que o miro, ...
Vaia, paréceme que este vai ser un curso difícil...



Mefi, Sata e Demi

No centro dunha fraga de enormes e antigas árbores, alzábase un castelo tebroso. O seu dono, o conde Similoff, un estraño e aveso personaxe, vivía alí cos seus fillos: Mefi, Sata e Demi, tres verdadeiras criaturas infernais. Tiñan os pelos enguedellados, as duras orellas rematadas en punta e as unllas dos pés e das mans ...



Adultos/as



Merlín e familia. Álvaro Cunqueiro

O libro fundacional da narrativa de Cunqueiro, poboado de personaxes inverosímiles pero absolutamente verdadeiros cos que a invención do seu autor chega a cotas prodixiosas.

Non hai noite tan longa. Agustín Fernández Paz.

Gabriel Lamas ten cincuenta anos e vive en París desde 1970. Aos dezoito anos marchou de Monteverde, a súa vila natal, e nunca máis volveu. Nin sequera cando morreu o seu pai, inxustamente acusado dun delito polo que foi condenado e encarcerado, nun proceso que provocou a súa morte, en 1972. Só trinta e dous anos despois, o falecemento da súa nai é o que o forza a regresar. Entón, comprobará que nunca podemos fuxir do noso pasado e que ...




Cantar e Observar



Xa me tardan estes Magos.
Mamá Cabra.
Editoria Galaxia.
Cantos de Nadal. (Libro+CD)


Descubrir a arte a través do mundo. Faktoria K de Libros

Este libro é, dende o inicio, unha festa para os ollos, un fascinante encontro con 18 obras de arte a través de todo o mundo: biombos coreanos, máscaras brasileiras, iconos rusos...



Que é Bubisher?

É un autobús moi especial. É un BIBLIOBÚS cheo de libros para os nenos e nenas dos campamentos de refuxiados saharauis.



O noso cole, xunto con moitas Bibliotecas Escolares de Galicia, quixo contribuir enviando o álbum ilustrado titulado:

“UNO, CINCO, MUCHOS”,
de Květa Pacovská.

<http://bibliotecadeaguinho.blogspot.com/>

O RECUNCHO DE HONORATA

NADAL 2011



O equipo de biblioteca
do CEIP de Aguino desexámosvos:

BO NADAL!